



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS DO LOBO

O mércores día 10 de xaneiro saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2018.

BENEFICIARIOS

Os propietarios do gando ovino, cabrún, porcino, vacún, equino, asnal e mular.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍA

O importe destas axudas establécese segundo a especie, clase e idade nun rango que varía **entre os 26 € e os 1.800 €**.

No caso de animais feridos, a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios producidos e acreditados.

PRAZO:

Esta orde comprende os danos producidos polo lobo que se comuniquen dende o 1 de outubro de 2017 ata o 30 de setembro de 2018. **Nas vinte e catro horas seguintes ao ataque no caso de gando en réxime intensivo e nas setenta e dous horas no caso de gando en réxime semiextensivo ou extensivo, o propietario deberá chamar ao teléfono 012** para a comunicación do dano á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Posteriormente, presentarase a solicitude da axuda no seguinte prazo:

a) Para danos comunicados entre o 1 de outubro de 2017 e a entrada en vigor desta orde o prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais contados a partir da entrada en vigor desta orde.

b) Para danos ocasionados a partir da entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais contados dende o día seguinte á comunicación do dano.

Os animais mortos non poderán ser manipulados para non obstaculizar o labor investigador dos axentes.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín 19 de xaneiro de 2018.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE